

Os Séculos Escuros e a Ilustración

A partir de 1350, Galicia perde importancia entre os reinos peninsulares e vive un proceso de gran inestabilidade debido a **dificultades demográficas** (consecuencia das malas colleitas, as doenzas endémicas e a Peste Negra de 1348) e á desaparición da nobreza galega derivada das loitas dinásticas:

- Na segunda metade do **século XIV** enfróntanse polo trono de Castela **Pedro I, o Xusticeiro**, e o seu irmán, **Henrique II de Trastámara**. A nobreza galega apoia a don Pedro, quen resultará derrotado en 1369; como consecuencia, Henrique envía a Galicia o primeiro continxente de **nobreza foránea** que trae o castelán como lingua propia, introducindo así o **primeiro foco de diglosia**.

- A finais do **século XV** ten lugar a loita pola sucesión entre **Xoana a Beltranexa** e **Isabel a Católica**. A nobreza galega, capitaneada por Pedro Álvarez de Soutomaior (coñecido como Pedro Madruga), conde de Camiña, apoiará a Xoana; o arcebispo compostelán Fonseca, a Isabel. Gañará “a Católica”, mais a resistencia de Madruga en Portugal e do mariscal Pardo de Cella en Lugo logra deter por uns anos a integración de Galicia na monarquía hispánica. Así e todo, a decapitación en Mondoñedo do mariscal (1483) e a morte controvertida do combativo Madruga (1486) supoñen a antesala dunha nova arribada de dirixentes foráneos a Galicia, incluídos escribáns e funcionarios.



Xoana a Beltranexa (esquerda) e Isabel a Católica (dereita).

Como consecuencia destes episodios, os nobres derrotados foron sendo substituídos polos do bando gañador nas clases dirixentes, tanto laicas coma relixiosas. Ademais, o territorio foi redistribuído en provincias e instaurouse unha nova organización ao servizo da monarquía centralizada dirixida por persoas foráneas de confianza dos reis que nunca se integraron na vida cultural galega e que lle deron as costas á lingua dos seus súbditos. Comezaba o período coñecido tradicionalmente coma os **Séculos Escuros**, unha primeira fase dentro da **literatura da Idade Moderna**.

A literatura popular

Durante os **Séculos Escuros** (XVI a XVIII) o **galego perdeu** o seu **uso como lingua de cultura** e foi ficando relegado a un **uso oral**. Culturalmente, foi unha época marcada polo “**prestixio**” que acadou o **castelán**, o que aparelhou a **interrupción da produción literaria monolingüe en galego**.

Porén, a idea tradicional de escurantismo e depresión cultural destes trescentos anos foi sendo revisada en tempos recentes, por varias razóns:

- A posibilidade de que aparezan **textos perdidos** e inéditos que deiten luz sobre este período.
- A existencia de autores galegos que escribiron obras de creación durante este período, malia que fose maioritariamente en castelán ou latín, confirmando o **coñecemento** que existía en Galicia das **tendencias literarias europeas**.
- A relevancia dunha vizosa **literatura popular de carácter oral**, aínda que se conserven poucas mostras.

Saber máis: As guerras Irmandiñas

Tras a loita sucesoria entre os partidarios de don Pedro e os de Henrique de Trastámara, prodúcese fortes **tensións sociais** provocadas polos **abusos da nobreza** e polos **enfrentamentos** entre os **distintos bandos nobiliarios**, o que acabou por orixinar unha **revolta social: as guerras Irmandiñas**. Nelas participaron campesiñado, vilegos, xentes da baixa nobreza e da fidalguía e incluso algúns membros do clero.

O desenlace fatal da revolución dos Irmandiños, reprimidos polos nobres e señores laicos, supuxo a **eliminación** do campo político da **incipiente burguesía** e a **submisión do campesiñado**, condenado á explotación e á **miseria endémica**.

A literatura galega na Idade Moderna: Renacemento e Barroco

No período correspondente aos Séculos Escuros desenvólvense en España e en Europa o **Renacemento e o Barroco**. No entanto, da literatura galega desta etapa conservamos poucos textos: ás causas históricas que relegaron o galego a un uso familiar podemos engadirles o **esgotamento dos modelos medievais** e a chegada doutras **modas literarias**, sobre todo italianas.

A creación da **universidade de Santiago** (1504) e a chegada da **imprensa** a Galicia non contribuíron a defender a nosa singularidade nin a nosa lingua, xa que a universidade utilizou o latín e o castelán para as súas ensinanzas. Canto á imprenta, non existía un público lector potencial que se puidese beneficiar deste avance, pois a masa social galegofalante era analfabeta e a nobreza autóctona que conservou o galego como lingua privada non acadou apenas relevancia a nivel cultural, agás na honrosa excepción de Diego Sarmiento de Acuña, conde de Gondomar.

Así e todo, conservamos algúns textos, fundamentalmente poéticos, que podemos agrupar como segue:

Textos renacentistas (do século XVI)

Soneto de Monterrei (anónimo).

Soneto da condessa de Altamira, **Isabel de Castro e Andrade**.

Textos barrocos (de comezos do século XVII)

Exequias pola morte da raíña dona Margarida de Austria: *Soneto con falda* (ou estrambote), de **Xoán Gómez Tonel**, e *Respice finem*, de **Pedro Vázquez de Neira**.

Décimas ao Apóstolo Santiago, do crego **Martín Torrado**.

Composicións das Festas Minervais, celebradas pola universidade de Santiago desde 1536, en honor ao arcebispo Alonso Fonseca, aínda que só se conservan as dunha edición tardía.

A estes textos cómpre engadir un feixe de **composicións poéticas anónimas de circunstancias**: o *Cantar do Mariscal ou Pranto da Frouseira*, probablemente de fins do século XV, e o *Saqueo de Cangas polos turcos*, xa no século XVII, son os textos máis destacados. Aínda se poden citar os **vilancicos**, anónimos ou de autoría, pertencentes á **poesía relixiosa popular** (malia que en moitos casos reflictan un galego deturpado e estereotipado).

Conservamos, tamén, desta época a **primeira peza teatral** escrita en galego. Trátase da *Contenda dos labradores de Caldelas ou Entremés famoso sobre a pesca no río Miño* (1671), de **Gabriel Feixó de Araújo**. A palabra “famoso” é relevante neste título, pois na época significaba que a peza teatral fora representada, o que nos remite a unha tradición dramática da que apenas fican vestixios.



Imaxe da representación moderna de *A contenda dos labradores de Caldelas ou Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* creada polo Centro Dramático Galego (CDG) e Companhia de Teatro de Braga (CTB), e estreada en xullo de 2021.

A Ilustración en Galicia

No **século XVIII** vaise producir unha gran transformación no mundo das ideas e da cultura coñecida co nome de **Ilustración**, que se traduce no triunfo do **racionalismo** (a razón é a fonte de todo coñecemento), do **críticismo** (o saber apóiase na dúbida), do **empirismo** (válese tamén de feitos demostrables), e nun extraordinario **desenvolvemento científico-técnico**.

Neste período, en Galicia xorden unha serie de intelectuais e eruditos que se preocupan, analizan e buscan remedio á situación de marxinación e atraso da rexión en todos os campos: idioma, cultura, economía, educación, técnica... Entre eles cómpre sinalar a **Benito Xerónimo Feixóo, Frei Martín Sarmiento, Xosé Cornide ou Antonio Raimundo Ibáñez, marqués de Sargadelos.**

A respecto do **idioma**, os padres Feixóo e Sarmiento reivindicán a súa **orixe latina** e a súa **relación co portugués**, alén da **reposición do seu uso** en ámbitos dos que ficara relegado (administración, xustiza...), defendendo con vehemencia o **ensino en galego** e animando á **creación de dicionarios e gramáticas** da nosa lingua.

Figuras literarias desta época son **Diego Antonio Cernadas e Castro**, o “cura de Fruíme” (1698-1777), **Xosé Andrés Cornide Saavedra** (1734-1803) e **M.^a Francisca de Isla e Losada** (1734-1808).

1.- Indica cal das seguintes afirmacións é verdadeira:

Os Séculos Escuros foron un período de tempo onde o galego se converteu na lingua máis empregada en Galicia.

Os Séculos Escuros caracterízanse pola ausencia de literatura popular transmitida de xeito oral.

Nos Séculos Escuros o galego perdeu o seu uso como lingua de cultura e foi ficando relegado a un uso oral.

2.- Completa as seguintes afirmacións coas palabras indicadas a continuación:

Galegofalante – imprenta – 1671- renacentistas – Séculos Escuros – peza teatral

a) Do período denominado _____ conservamos poucos textos en galego.

b) A chegada da _____ a Galicia non supuxo unha mellora para a nosa lingua.

c) Na época dos Séculos Escuros a xente _____ era analfabeta na súa maioría.

d) O Soneto de Monterrei é un dos textos _____ en galego que se conservan.

e) *A Contenda dos labradores de Caldelas* é a primeira _____ escrita en galego e data do ano _____.

3.- Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas:

a) No século XVIII prodúcese en Galicia o xurdimento de intelectuais e autores que se preocupan, entre outras cousas, pola situación do idioma galego.

b) Os padres Feixóo e Sarmiento reivindicán a orixe xermánica do galego.

c) A Ilustración supón un rexeitamento a calquera avance científico.

d) O racionalismo, o criticismo e o empirismo triunfan no século XVIII no que se deu en chamar a Ilustración.

4.- Indica se os seguintes títulos son renacentistas ou barrocos.

Exequias pola morte da raíña dona Margarida de Austria ➤

Soneto de Monterrei ➤

Composicións das Festas Minervais ➤

Soneto da Condesa de Altamira ➤

5.- Busca información sobre un dos puntos seguintes e redacta unha breve explicación

- As guerras Irmandiñas

- Isabel de Castro e Andrade

- Padre Feixoo

- Frei Martín Sarmiento

6.- <https://quizizz.com/admin/quiz/601d07b0823f57001b9b1d26/os-seculos-escuros-e-a-ilustracion>